



*Procedemento: Plan de mellora de camiños 2019-2020 (MR701E)*

### **RESOLUCIÓN POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2020**

A Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 (DOG núm. 21, do 30 de xaneiro de 2019), incorpora no Anexo I as normas para a xestión deste procedemento.

A citada resolución modificouse mediante a Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG núm. 132, do 2 de xullo), do director xeral de Agader, co fin de ampliar o prazo de execución e xustificación dos investimentos executados con cargo da anualidade 2019 e prever que con cargo á citada anualidade se puidesen tramitar pagamentos anticipados.

As obras subvencionadas ao abeiro deste procedemento están xa licitadas e actualmente en fase execución. O prazo para presentar a xustificación final das actuacións subvencionadas, nos termos previstos no artigo 12 do anexo I da Resolución do 18 de decembro de 2018, antes citado, remata o 1 de xuño de 2020.

Por outra banda, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo). Como consecuencia da aprobación do Real decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19 (BOE núm. 87, do 29 de marzo), o sector da construción estivo paralizado entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020.

Esta paralización afectou, sen dúbida, ao ritmo de execución das obras subvencionadas. Así pois, considerando esta circunstancia, así como un posible retraso na tramitación administrativa que deban seguir os concellos beneficiarios como consecuencia da declaración do estado de alarma, cómpre ampliar o prazo de execución e xustificación dos investimentos vinculados á anualidade 2020.





O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, prevé que a administración pode conceder de oficio unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

Tendo en conta o anterior, o director xeral de Agader, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección de Agader, do 11 de xullo de 2013, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto),

#### **RESOLVO:**

En relación coas axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, amplíase o prazo de execución e xustificación dos investimentos correspondentes á anualidade 2020 ata o 30 de xuño de 2020.

Contra esta resolución non cabe recurso, sen prexuízo dos que procedan contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Notifíquese esta resolución a todos os concellos interesados.

Santiago de Compostela,  
O Consello de Dirección de Agader  
(P.D. Acordo do 11.07.2013)  
O director xeral de Agader  
Asinado dixitalmente  
Miguel Ángel Pérez Dubois

